

b) Definitiva: 163.792 pesetas.

6. Obtención de documentación e información.

a) Entidade: Concello de Corcubión, Avda. da Viña, nº 1, 15130 Corcubión, teléfono 981 74 54 00, fax 981 74 71 00.

b) Data límite de obtención de documentos e información: ata as 13 horas do día anterior a aquel no que remate o prazo de presentación de proposicións.

O prego de cláusulas administrativas particulares polo prazo de 8 días naturais, desde o seguinte ó da publicación deste anuncio de licitación no BOP e no DOG.

7. Requisitos específicos dos contratistas.

Non se esixe.

8. Presentación das ofertas ou das solicitudes de participación.

a) Data límite de presentación: dentro do prazo de 13 días naturais, contados desde o seguinte ó da última publicación deste anuncio de licitación no BOP e no DOG, en horario de 9 a 13 horas e no rexistro xeral de documentos do Concello de Corcubión.

b) Documentación que se presentará: a esixida no prego de cláusulas administrativas.

9. Mesa de contratación e apertura de ofertas.

a) Data: o seguinte día hábil ó do remate do prazo de presentación de proposicións, caso de cadrar en sábado trasládase ó seguinte hábil (luns).

b) Hora: ás 20 horas.

10. Gastos dos anuncios.

Os gastos correspondentes ós anuncios de licitación serán por conta do adxudicatario.

Corcubión, 3 de decembro de 1999.

Rafael Xosé Mouzo Lago
Alcalde-presidente

CONCELLO DA CORUÑA

Anuncio (expediente 23/1998).

O Concello Pleno, en sesión celebrada o día 8 de novembro de 1999, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

1. Aproba-lo informe do equipo redactor sobre as alegacións presentadas ó Plan Parcial de Eirís.

2. Aprobar definitivamente o Plan Parcial do Parque de Eirís redactado de oficio polo concello.

O que se publica para xeral coñecemento significando que contra o anterior acordo cabe interpor recurso contencioso-administrativo perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que se practicou a noti-

ficación, aínda que previamente e con carácter potestativo, cabe interpor recurso de reposición perante o propio órgano que dictou a resolución no prazo dun mes. Neste caso, contra a desestimación do recurso de reposición, o prazo para interpo-lo contencioso-administrativo será de dous meses contados desde o día seguinte ó da notificación ou, noutro caso, o de seis meses contados desde a desestimación presunta, que se entenderá producida polo transcurso dun mes desde a interposición do recurso de reposición.

A Coruña, 11 de novembro de 1999.

Salvador Fernández Moreda
Concelleiro delegado do Concello da Coruña

Anuncio do 24 de novembro de 1999, do Instituto Municipal A Coruña Espectáculos, de concurso para a adquisición dunha consola de control de iluminación computerizada e mais dunha plataforma de traballo Genie para o Teatro Rosalía de Castro.

Obxecto: é obxecto deste concurso a adquisición dunha consola de control de iluminación computerizada e mais dunha plataforma de traballo Genie para o Teatro Rosalía de Castro.

Tipo de licitación: o orzamento máximo é de 5.303.000 ptas., IVE incluído.

Garantías: para optar ó concurso deberá constituírse previamente, por calquera dos medios que autoriza a Lei de contratos das administracións públicas, unha fianza provisional de 106.060 ptas., en calquera das formas autorizadas pola Lei 13/1995.

Modelo de proposición: as proposicións axustaranse ó seguinte modelo:

«Don/dona... con domicilio en...rúa de... nº... previsto do DNI nº... actuando en nome propio (ou en representación de)..., informado/a do anuncio do concurso para a adquisición dunha consola de control de iluminación computerizada e dunha plataforma de traballo Genie para o Teatro Rosalía de Castro, así como do prego de condicións regulador da licitación, e aceptando integramente o seu contido e comprometéndome a acatalo, formulo proposición optando á súa adxudicación conforme as seguintes condicións económicas:

En proba de aceptación de tales compromisos deixo asegurada esta proposición co depósito previo esixido, como xustifico co recibo adxunto.

Data e sinatura do proponente.».

Presentación de proposicións: presentaranse en sobre pechado no Rexistro Xeral de Entrada do IMCE (Avda. Alfonso Molina s/n edificio Coliseum), en man ou por correo, no prazo de trece días naturais contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio do concurso no *Diario Oficial de Galicia*, en horario de nove a trece horas. No caso de resultar